



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONVOCATORIA PARA SELECCIONAR CATRO
LETRADOS/AS MEDIADORES/AS PARA O SERVIZO DE
MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR**

Debido á ampliación do Servizo de Mediación Intraxudicial Familiar a todo o ámbito territorial do Colexio de Avogados (partidos xudiciais de Santiago de Compostela, Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón) e o conseguinte incremento das mediacións derivadas polos xulgados, a Xunta de Goberno na sesión do 07.10.2019 acordou a convocar o concurso para seleccionar 4 letrados/as mediadores/as para o Servizo de Mediación Intraxudicial Familiar, ao amparo do convenio de colaboración que se vai subscribir entre o este Colexio de Avogados, e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e segundo o previsto na Lei 4/2012, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar e no Decreto 159/2003 do 31 de xaneiro, para a implantación dun programa experimental de mediación intraxudicial.

1. FUNCIONS DO POSTO

As funcións que deberán realizar figuran establecidas no Convenio de colaboración e protocolo de actuación e no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar e aquelas que acorde a Xunta de Goberno do ICA Santiago. Estas funcións serán de obrigado cumprimento para os/as letrados/as seleccionados/as.

A actividade desenvolverase con liberdade e independencia de criterio, con suxeición ás normas deontolóxicas e aos criterios de ordenación da avogacía.

O servizo realizarase en réxime de arrendamento de servizos. A duración deste servizo será de dous anos, que se computarán dende o 1 de xaneiro de 2020. En todo caso, esta prestación está supeditada cada ano á sinatura do oportuno convenio coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

As persoas seleccionadas formarán parte dun equipo multidisciplinar permanente de mediación intraxudicial, composto por un letrado/a e un psicólogo/a.

2. RETRIBUCIÓN

O importe e a forma de pagamento da retribución deste servizo serán fixados anualmente por acordo da Xunta de Goberno do ICA de Santiago, que quedará condicionado á subvención que as administracións asignen anualmente ao convenio de referencia.

Ao final de cada mes, o letrado/a designado/a presentará a correspondente factura na secretaría do ICA de Santiago, acompañada dun informe sobre as mediacións realizadas e os seus resultados, no formato que estableza a Xunta de Goberno.

3. REQUISITOS

Poderán optar ao posto todos os Colexiados/as exercentes residentes do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela que reúnan os seguintes requisitos:

1. Estar en situación de alta como letrado/a exercente residente no Ilustre Colexio de Avogados de Santiago e acreditar máis de dez anos de exercicio efectivo da profesión e cinco na quenda de oficio civil-familia.
2. Estar ao corrente no cumprimento de todas as cargas colexiais e dispoñer de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura igual ou superior á póliza contratada polo ICA Santiago.
3. Non ter sido sancionado disciplinariamente nin ter aberto ningún expediente disciplinario por presunta infracción da deontoloxía profesional.
4. Non pertencer ao corpo de funcionariado público, non ter contrato coa administración ou con calquera tipo de empresa que impida a dedicación plena durante o horario de prestación do servizo.

Non ser asesor/a xurídico/a externo de empresas públicas, fundacións ou asociacións subvencionadas pola administración.

Non prestar servizos de información ou asesoramento xurídico ou social aos cidadáns a través de calquera administración pública.

5. Estar inscrito/a no Rexistro de Mediadores de Familia de Galicia, ou er solicitada a súa inscrición.

Estar inscrito/a no Rexistro de Mediadores de Asuntos Cívís e Mercantís do ICA Santiago.

6. Acreditar un coñecemento axeitado da normativa autonómica e estatal en materia de mediación familiar, mediante a presentación da correspondente certificación ou titulación acreditativa sobre esta formación.
7. Acreditar un coñecemento mínimo de lingua galega do Celga 4 ou equivalente.

4. MÉRITOS

1. Antigüidade no exercicio da profesión: 0,25 por cada ano de exercicio profesional, ata un máximo de 2 puntos; non se computarán os 10 primeiros anos por constituír requisito para optar á praza.
2. Antigüidade na quenda de oficio civil: 0,25 por ano, ata un máximo de 2 puntos; non se computarán os 5 primeiros anos por constituír requisito para optar á praza.

3. Coñecementos específicos de lingua galega:
 - Curso de linguaxe xurídica galega de nivel medio: 0,75 puntos
 - Curso de linguaxe xurídica galega de nivel superior: 1 punto
4. Coñecemento de idiomas estranxeiros: 0,25 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos
5. Cursos de mediación organizados polo Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela: 0,10 por hora, ata un máximo de 3 puntos.
6. Cursos de mediación familiar: 0,10 por hora, ata un máximo de 5 puntos.
7. Outros cursos relacionados coa asistencia xurídica gratuíta e coa quenda de oficio organizados polo ICA de Santiago ou polo Consello da Avogacía Galega: 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto
8. Experiencia profesional en materia de mediación: 0,25 por ano, ata un máximo de 2 puntos

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección estará composto por membros da Xunta de Goberno, que exercerán as seguintes funcións:

- Presidente: D. Francisco J. Rabuñal Mosquera
- Secretario: D. José Carlos García Cumplido
- Vogais: D. Javier Constenla Vega, D^a María del Carmen González Ferro, D. Timoteo J. Gutiérrez Valerio, D^a Patricia López Arnosó, D. Ramón Quintela Miramontes, D. César Rúa Martínez e D^a María Jesús Vieito Mayo.

6. SELECCIÓN

1. Publicarase unha lista coas persoas admitidas e excluídas e darase un prazo de tres días dende a súa publicación no taboleiro de anuncios do colexio de avogados para que as persoas excluídas poidan presentar as súas alegacións. Non se terán en consideración os méritos que non foran presentados e xustificadas do momento da solicitude
2. Valoración dos méritos, selección de titulares e suplentes

As 4 persoas candidatas con maior puntuación serán as seleccionadas como titulares. As demais persoas candidatas formarán unha lista de 4 suplentes, conservando a orde de prelación segundo a puntuación obtida, para cubrir as posibles baixas das persoas titulares inicialmente seleccionadas.

7. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. O prazo de presentación será de 10 días hábiles dende a publicación da presente convocatoria.

8. PUBLICIDADE

A convocatoria e as bases reguladoras deste concurso serán publicadas no taboleiro de anuncios das dúas sedes colexiais (rúa de Eduardo Pondal e Fontiñas); sen prexuízo do anterior, remitiranse por circular informativa vía correo electrónico e publicaranse na páxina web do colexio de avogados.

As listas coas persoas admitidas e excluídas serán publicadas no taboleiro de anuncios do colexio de avogados.

Ás persoas excluídas da convocatoria seralles remitida a correspondente resolución por correo electrónico e por fax e daráselles un prazo de tres días para presentar alegacións.

O borrador dos convenios de anos anteriores, así como o Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, están a disposición de todos os colexiados na secretaría técnica deste Colexio

9. PRESTACIÓN DO SERVIZO

A prestación do servizo quedará supeditada á sinatura do oportuno convenio coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019

O Decano

33261228P 2019.11.1
FRANCISCO
JOSE 1 09:58:18
RABUÑAL +01'00'
(R:Q1563003A)